

FEBREIRO DE 2023



PROXECTO COMÚN TEO



María López encabeza a lista do **Proxecto Común de Teo** de cara ás eleccións municipais do vindeiro 28 de maio para conquistar a confianza do pobo e seguir a gobernar Teo unha quinta lexislatura continuando a senda iniciada polas dúas de Martiño Noriega (2007 e 2011) e mantida por outras tantas de Rafa Sisto (2015 e 2019) con folgos renovados e renovadores.
MaLo será!

A CANDIDATA

CON FOLGOS RENOVADOS
E RENOVADORES

MARÍA LÓPEZ ÁLVAREZ

BOAL (ASTURIAS), 25-I-1982

MULLER RURAL, NAI E ECOLOXISTA

Nacín no occidente asturiano mais foi ao emigrar á Mariña de Lugo cando me decatei de que, en realidade, a miña cultura e a miña lingua natal eran a galega. Nunca esquezo onde ficaban as miñas raíces.

Licencieime en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela pero, nesa facultade, ademais da parte académica, descubrí o activismo ecoloxista que xa endexamais abandonei.

Traballo como profesora do ensino secundario dende 2008, con praza definitiva dende 2010. Adoro a docencia e todo o que teña que ver co vínculo entre as persoas, a natureza e o territorio. De feito, son especialista na aprendizaxe

cooperativa porque entendo a aula como un laboratorio da sociedade de mañá e, para min, o futuro sempre pasa por coidar a comunidade.

Como nai, a tarefa de acompañar a tres crianzas no seu desenvolvemento seméllame un fermoso agasallo malia as dificultades e frustracións que aparecen na viaxe.

Compartimos a vida con dous cans e dous cabalos, que veñen sumar alegrías e tamén traballos!



Páxina do suplemento YES de La Voz de Galicia do 17 de setembro de 2022

seando acabaron por prendernos a esta terra.

Exerzo como concelleira desde as pasadas eleccións, á beira figura unha escolma de proxectos desenvolvidos desde as diferentes áreas que veño ocupando. A política supón o lugar que atopo neste intre, como antes foron outros, para seguir a trazar o mundo que soño!

Facendo miña aquela proclama do ecoloxismo, coa que medrei, de 'pensa global e actúa local', sempre me interesaron moito máis os acontecementos do meu contorno máis inmediato, o que coñezo e o das persoas coas que convivo. A política supón o lugar que atopo, hoxe, para tratar de mudalo todo dende Teo porque aínda estou convencida de que outro mundo é posible.

Ese mundo que soño e de onde me propoño como candidata do Proxecto Común de Teo preséntase como un mundo de coídos, de bo trato, de empatía e de abordar os problemas con sentido común e sen cinismo.

Ser concelleira en Teo esta lexislatura tenme dado unha perspectiva que, a nivel persoal, semella un agasallo e, a nivel profesional, permíteme seguir tendo a ambición de gobernar; de xestionar dende a

Quero coidar Teo

MARÍA LÓPEZ

Concelleira de Mobilidade, Comercio, Turismo, Emprego, Igualdade, Cultura e Educación e número 1 da lista do PXCT

continuidade coa política que, nos últimos dezaseis anos, leva facendo de Teo un concello de referencia en moitas xestións (que foron as que a algunhas familias nos trouxeron até aquí!) pero, tamén, dende a crítica que nos permite ser inconformistas e aprender dos erros, por iso nace o Proxecto Común de Teo.

Ségume a apetecer dirixir este Concello porque o contexto que nos toca vivir, de crise económica e climática, vai requirir políticas valentes, que prioricen o benese-

tar da xente e a conservación da natureza; políticas decididas, que consigan fixar poboación e dar por fin o salto aos vinte mil habitantes (que aumentarían, cuantiosamente, o noso orzamento municipal); políticas con sensibilidade e con ollada feminista e, sobre todo, políticas con criterio propio para tomar decisións que poden afectar drasticamente ao noso territorio sen ataduras nin presións de estruturas superiores que modelen o noso discurso.

Non atopo mellor forma de expresar as miñas intencións ca dicir que eu, en realidade, quero coidar Teo. O espazo dos coídos das persoas e do medio ambiente motivárame de cheo, nel son quen de despreñar a miña inxente capacidade de traballo e nunca escatimo enerxías porque nese lugar, reciprocamente, síntome parte dun algo que me engancha á vida que, neste caso, é Teo.



FEBREIRO DE 2023

<https://proxectocomunteo.gal>

@proxectoteo



María López Álvarez @marialopezsera

Perfil activo desde xullo de 2019

[Para me coñeces, bótalle un ollo ao meu facebook](#)

O LABIRINTO DE MILLO



AGOSTO 2021

Arrincamos a dinamización territorial e lúdica coa estrea dun predio de 10.000 metros cadrados de millo para perderse. Ata a prensa se fixo eco do noso labirinto! O pasado verán, creamos Co cu na palla, un espazo para xogar. Así mesmo, activamos o Programa Patios Vivos nos coles.

REDE DE RUTAS DE TEO



AGOSTO 2021

Reforzamento e difusión de ata doce itinerarios turísticos para coñecer o concello. Creación das rutas teatralizadas: a da Batalla de Cacheiras desde Bamonde e a de Per Caminho de Lampai. Plantación dunha filla da figueira de Rosalía de Castro, en Luou, polo Día da escritora 2022.

O PRIMEIRO BOSQUE APEGO



DECEMBRO 2021

Plantación de unha árbore autóctona por cada bebé nada en Teo dentro do Apego, un programa colectivo dunha trintena de Concellos, para fomentar e mellorar a transmisión do galego como lingua inicial.

Impulso e consolidación deste proxecto con, como mínimo, unha actividade mensual.

OS CABALIÑOS DO SAN MARTIÑO



NOVIEMBRE 2022

Ante a imposibilidade de celebrar a nosa grande feira por mor da pandemia da covid, deseñamos un xogo de busca destes cabalos de madeira, feitos por un artesán teense, percorrendo oito rutas do concello. Foi un exitazo! Os queridos equinos viven para sempre na carballeira de Francos.

LILA, A PROL DA IGUALDADE



NOVIEMBRE 2022

Bota a andar a caravana lila, a Lila. Un centro de información á muller itinerante, financiado cos fondos do Pacto de Estado, para espallar o feminismo e a igualdade por tódolos recunchos de Teo.

DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL



MAIO 2022

Promovemos o nacemento da Asociación Empresarial, desenvolvemos campañas específicas no Nadal como as Árbores de Noso ou a visita do Apalpador.

NACE O HABITATEO



MAIO 2021

Creación e protección dunha rede de espazos naturais singulares como A Tomada, en Calo. Xestión e organización das parcelas e brigadas forestais municipais e erradicación das especies invasoras.



FOI, É, SERÁ

Dúbida ningunha

Entendemos a política como unha oportunidade de mellorar a vida das persoas, de facer que Teo sexa mellor e máis noso e de que o traballo que facemos sexa un paso máis para mudar o país. Este proxecto colectivo lévanos a pensar que a política, ou é de todos e todas, ou non é, e iso require que ningún se apropie dos cargos e que todas teñamos a oportunidade de facer e decidir. Por iso, chega o momento de deixar que outra persoa colla a miña remuda, que alguén con ilusión e capacidade complete unha nova etapa.

Coñecín a María López na campaña electoral do 2015, uns días antes de que nos derades os votos suficientes para ser o voso alcalde substituíndo a Martiño. Non tiven dúbida ningunha de que aquela rapaza preocupada polo ensino, pola

ecoloxía, polo feminismo, polos movementos sociais, pola política, en definitiva, tiña que chegar lonxe. Tiña a intelixencia e esa escasa virtude de falar con toda a parroquia, de preocuparse pola vida, por saber que a xente está ben e polas súas necesidades. E todo isto, arrastrando da súa prole que, daquela, eran dous e agora xa son tres.

E así, foi quen de dar o paso de integrarse nas listas de Son de Teo en 2019. Catro anos despois, coa competencia demostrada na xestión das concellarías de Cultura, Educación, Comercio e Mobilidade; coa capacidade de diálogo e convicción, que ningún lle nega; coa experiencia da xestión compartida con entrega e honestidade e coa súa inquebrantable integridade, opta a ser a próxima alcalde de Teo. E será!

RAFA SISTO
 Alcalde
 de Teo
 2015/2023

Con vós

Lembrades Teo hai deza-seis anos? A realidade debatíase apresada nun modelo desolador; urbanismo especulativo, corrupción, caciquismo, machismo, carestía de equipamentos, déficit de servizos básicos, malgasto de fondos públicos, beneficencia e goberno das grandes contratas. A transformación acontecida dende aquela mudou a faciana do noso día a día establecendo un momento oposto a aquel pasado que moitas sufrimos. Non pretende ser este un texto triunfalista que dea por pechado "o que fica por facer", os riscos dunha volta atrás, ou os erros e acertos cometidos. Mais ningún nega que a discusión actual podemos dála, agora, dende un presente onde os coidados, actividades culturais, feminismo, casas comúns, igualdade, prácticas deportivas, infraestruturas,

prestacións sociais, conciliación, posta en valor do territorio, ecoloxismo, xestión directa de servizos públicos e a seguridade viaria son o hábitat onde falar dunhas políticas públicas ao servizo da maioría da veciñanza.

O acontecido tan só podemos interpretalo dende o colectivo. Máis aló do papel que no seu momento xogaron espazos políticos, como o BNG ou SON de TEO, e o rol que desempeñamos eu e Rafa na alcaldía co apoio de moitas concelleiras e concelleiros, nada tería sido posible sen a vosa participación. Fostes quen de desarmar o pasado, reivindicando no presente que Teo é de todas e todos. Precisámosvos agora neste novo 'Proxecto Común' para non desandar o camiño e conquistar o futuro, facendo de María López a primeira alcaldesa do noso Concello.

MARTIÑO NORIEGA
 Ex alcalde
 de Teo
 2007/2015